

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Promocion e Emprego – MDPL		
Número expediente:	Documento:	
 EMP/10/2020	 EMP14S01X	
5Q044W3X574J100U0SNL 		

Destinatario:

ASOCIACION DE COMERCIANTES DE NARON
AVDA DA SOLAINA 6, P01
15570-NARÓN
A CORUÑA

En contestación ao seu escrito de data 29 de xullo de 2020 solicitando información aclaratoria sobre o programa de axudas “Narón Impulsa”, se lle da traslado do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 18 de novembro de 2020:

“INFORME DA XEFA DO XERVIZO SOCIOCOMUNITARIO

ASUNTO: información aclaratoria do expediente de subvencións para o mantemento de actividade económica e o emprego, no termo municipal de Narón, ante a crise sanitaria provocada polo COVID-19, Programa da Subvención “Naron Impulsa”

ANTECEDENTES

Escrito presentado por MARIA YAÑEZ OTERO, en representación da entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE NARON (ACN), en data 29 de xullo de 2020, solicitando información sobre os criterios que se van seguir na revisión de expedientes prevista para o mes de xaneiro no referente ao contido do punto 5.3 das Bases reguladoras :

- ¿A quen se concede a subvención? ¿Á empresa ou á persoa física/unha das persoas físicas autónomas (socios) que integran a persoa xurídica solicitante?
- No caso de concesión á empresa (persoa xurídica), ¿teranse en conta os ingresos brutos obtidos por dita entidade por calquera concepto ou o rendemento (beneficios ou perdas) da actividade subvencionada?
- ¿Computarase o importe cobrado polas persoas físicas en concepto de presentación por cese de actividade como si se tratase de ingresos da actividade subvencionada, tanto no caso de empresarios persoa física como de empresarios persoa xurídica?
- Para o cálculo da diminución de ingresos que se cita na base 5.3, ¿que período se tomará como referencia anterior ou posterior á data do 14 de marzo?

Conclúe a Sra. Yáñez Otero que a información solicitada é co fin de garantir a transparencia, evitando sorpresas ou situación imprevistas que poidan concluír na obrigatoriedade da devolución da subvención percibida, xunto cos preceptivos xuros de mora, por parte dos asociados.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003.

- Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local.
- R.D.L. 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en vigor.
- Normativa sobre réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013).

INFORME

Primeiro.- Respecto do punto a) do escrito, a base. 5.1 das Bases reguladoras textualmente di:

"Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas (...)"

A base 8.1 establece:

"A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal (...)"

A axuda concederáse, de ser o caso, ao titular da actividade, é dicir, se o nome ou razón social corresponde a unha persoa física identificada por un DNI, o beneficiario sería a propia persoa física. Se o titular da actividade, é dicir, se a denominación ou razón social corresponde a unha persoa xurídica, comunidade de bens ou sociedade civil, ou outras entidades sen personalidade xurídica, identificada por un CIF, o beneficiario da axuda sería a persoa xurídica ou entidade, con independencia de que a tramitación da mesma sexa realizada polo representante legal da empresa.

Segundo.- Respecto do punto b) do escrito, a base 11.2 das Bases reguladoras di:

"Documentación acreditativa da redución da facturación mediante a achega da documentación a que fai referencia o artigo 17.10 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo".

Por extensión, o art. 17.10 do Real decreto-lei 8/2020, recolle:

"La acreditación de la reducción de la facturación se realizará mediante la aportación de la información contable que lo justifique, pudiendo hacerse a través de la copia del libro de registro de facturas emitidas y recibidas; del libro diario de ingresos y gastos; del libro registro de ventas e ingresos; o del libro de compras y gastos. Aquellos trabajadores autónomos que no estén obligados a llevar los libros que acreditan el volumen de actividad, deberán acreditar la reducción al menos del 75 % exigida por cualquier medio de prueba admitido en derecho (...)"

Por tanto, ao ter que acreditarse mediante a redución da facturación, debe entenderse referido a ingresos brutos.

Terceiro.- Respecto do punto c) do escrito, polo contido hai que relacionalo co punto a) do mesmo, clarexando que computarán **todos ingresos percibidos polas persoas físicas ou xurídicas, tanto en concepto de subvención, axuda, prestación, etc..., con motivo da crisis ocasionada polo Covid-19.**

A este respecto a base 11.2.d) das Bases reguladoras establece que para a xustificación da subvención concedida deberán presentar declaración responsable **do conxunto de axudas concedidas e/ou outros ingresos obtidos para a mesma finalidade.**

En consecuencia, a resposta á pregunta é afirmativa.

Cuarto.- Respecto do punto d) do escrito, a base 5 das Bases reguladoras textualmente dí:

“(...) en relación coa media do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma (**setembro 2019-febreiro 2020**), ou o período de actividade, se é menor aos 6 meses (...)”.

Por tanto, ese será o período de referencia.”